

MOCIÓN DE AER SOBRE UN CONTENEDOR NA PRAIA DE CESANTES

PLENO 30 OUTUBRO 2014. ACTA 15/2014

“No seu momento, a colocación dun gran contedor na praia de Cesantes foi obxecto de controversia, e decidiron “camuflalo” forrándoo de madeira. Neste momento leva case dous anos instalado por unha empresa que nin sequera tivo actividade algunha no pasado verán.

Consideramos que ese contedor non debe estar nese emprazamento, polo que propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Solicitar de Costas de Galiza que obligue ao responsable ou responsables do contedor situado na praia de Cesantes a que proceda a retiralo”.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación ordinaria, o pleno do Concello por maioría dos/as concelleiros/as presentes, 11 votos a favor (10 do PP e 1 de AER) e 8 votos en contra (6 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) aproba a moción , co novo texto de acordo, que queda do seguinte xeito:

-Consensuar cos veciños do consello parroquial a mellor ubicación sempre que sexa posible.